

ANUNCIO

OEP. 2020-2021-2022, 2ª FASE, OFICIAL FERREIRO/A, OPOSICIÓN LIBRE RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓNS E NOVA PUNTUACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DA OPOSICIÓN, CUESTIONARIO TIPO TEST.

O **órgano de selección** para a provisión dunha praza de oficial ferreiro/a, en réxime laboral, equiparadas ao subgrupo C2 de titulación, O.E.P. 2020-2021-2022, 2ª fase, do Concello de Vigo, sistema de selección oposición libre (bases xerais publicadas no BOPPO 03/06/2024, 30/08/2024; **en sesión do 06/02/2026, acordou resolver as reclamacións** respecto do primeiro exercicio da oposición nos seguintes termos:

1. RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓNS PRESENTADAS AO PRIMEIRO EXERCICIO DA OPOSICIÓN, TIPO TEST.

1. ALEGACIÓN NÚM 1: CÓD. W1424159-6940, do 27-01-2026. Solicita a anulación da **pregunta núm 15** por ter dúas respostas compatibles, ao abeiro da Instrución de formigón estrutural EHE-08.

Acordo:

Desestimada por unanimidade dos membros asistentes por canto a *UNE 36065 Barras corrugadas de acero soldable con caaracterísticas de ductilidad para armaduras de hormigón armado*, establece expresamente tódolos diámetros excepto o de 18mm.

2. ALEGACIÓN NÚM. 2: CÓD. W1424358-4386, do 28-01-2026. Solicita (1) que se revise o seu exercicio xa que constan dúas preguntas contestadas correctamente que non foron contabilizadas e non contabilizadas e (2) se revise a **pregunta núm. 12** por ser a opción c) a correcta.

Acordos:

2.1. Procédese á revisión do exercizo deste aspirante, do que resulta que efectivamente existe un erro na corrección do mesmo por canto aparecen omitidas dúas preguntas na fase de corrección. O tribunal acorda por unanimidade correxir de novo o exercizo coa plantilla definitiva que resulte da resolución de todas as alegacións presentadas ao primeiro exercicio.

2.2. A alegación presentada sobre a pregunta núm. 12 é desestimada por unanimidade dos membros asistentes por canto o seu enunciado refírese a “durante o afiado” que é unha operación previa ao soldeo, non durante o soldeo, tal e como se alega polo interesado.



3. ALEGACIÓN NÚM. 3: CÓD. W1424261-511, do 28-01-2026. Solicita que se revise a **pregunta núm. 13** do test xa que a resposta correcta é a opción B, e non a C; e solicita que se revise a **pregunta 28**, a resposta correcta é a C e non a B.

Acordo: Estimadas ambas por unanimidade dos membros asistentes.

Motivación: o tribunal estableceu a pregunta e a resposta ao abeiro do *Manual del Soldador de Germán Hernández Riesco, 28ª edición, da Asociación Española de Soldadura y Tecnologías de Unión-CESOL*, que establece o 12%. No entanto, os membros do tribunal proceden a comprobar que a norma UNE-EN10088-1, apdo. 3.1, establece como mínimo un 10,5% de contido mínimo de cromo, polo que nin a resposta B da pregunta núm. 13 do primeiro exercicio nin a resposta C son correctas. Ao non ter a pregunta núm. 13 ningunha opción correcta, se acorda por unanimidade dos asistentes estimar a alegación e **anular a pregunta 13**, que será substituída pola primeira pregunta de reserva do primeiro exercicio.

En relación á **pregunta 28**, o interesado considera que a resposta correcta é a C. O tribunal revista a pregunta e a plantilla de respostas e confirma o erro alegado, xa que de acordo co establecido pola ICSC 0351 os óxidos de aluminio teñen unha temperatura de fusión superior a 2000°C. Polo que por unanimidade se acorda polo tribunal **correxir a plantilla de respostas nesta pregunta núm. 28 pasando a ser a correcta a opción C**.

Á vista do acordado, de procede a aprobación da plantilla definitiva de respostas:

2. PLANTILLA DE CORRECCIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO RESULTANTE DOS ACORDOS ADOITADOS RELATIVOS ÁS ALEGACIÓNS PRESENTADAS.

1	A
2	D
3	D
4	D
5	C
6	B
7	B
8	B
9	B
10	B

16	A
17	D
18	C
19	C
20	A
21	D
22	C
23	C
24	D
25	C





11	D
12	B
13	ANULADA
14	D
15	C

26	A
27	B
28	C
29	B
30	C
31 (reserva)	B

3. RESULTADOS DEFINITIVOS DO PRIMEIRO EXERCICIO TRALA RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS.

O resultado da nova corrección do exames coa plantilla definitiva é a seguinte:

ID	Ben	Mal	NC	Nota	
103729	14	14	2	2,333	Non apta
104049	21	3	6	6,500	
104162	19	3	8	5,833	
104275	13	15	2	1,833	Non apta
104388	14	14	2	2,333	
104401	22	7	1	6,167	
104514	25	4	1	7,667	
104627	21	3	6	6,500	

O que se publica para xeral coñecemento.

RECURSOS: Contra estes acordos cabe interpoñer recurso de alzada ante o órgano superior xerárquico do órgano de selección, ao abeiro do establecido polos arts. 112, 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, no prazo de un mes a contar dende o seguinte á presente publicación sen prexuízo de que os/as interesados/as poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a Dereito.

Vigo, na data da sinatura electrónica.

A secretaria do órgano de selección,

